



SAÚDA DO CLUB ÁNFORA

Dende este recuncho da Ría de Vigo, na entrañable Comarca do Morrazo, queremos darvos a máis agarimosa benvida a este XVIII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE PATINAXE ARTÍSTICA categoría SENIOR.

É para nós unha ledicia e un orgullo ter estes días aquí ós máis importantes patinadores/as, a nivel nacional, competindo para acadar prazas para os campionatos europeos, e poder amosarlle ós nosos rapaces (que son máis de 500 practicando patinaxe na comarca) esas piruetas fermosísimas e eses saltos imposibles.

Esperamos que hoxe cada patinador ou patinadora poida saír de aquí satisfeito de poder recolle-lo froito do traballo levado a cabo ata o de agora, amosado nunha boa actuación.

É grato comprobar, cada ano, o auxe deste deporte, e ver como cada vez hai maior número de clubs e de patinadores e patinadoras nas distintas competicións, amosando así a importancia que a patinaxe está a conquistar dentro da oferta deportiva que se presenta á xuventude.

Queremos convidarvos a que nestes días entre nós aproveitedes para coñecer máis a fondo os nosos costumes, as nosas paisaxes, as nosas fermosas praias, as nosas xentes e, como non, a nosa gastronomía, que desde este mar que nos rodea chegan ós nosos pratos esas delicias culinarias.

E xa para rematar, agradecerlle ó Concello de Cangas, Fundación Cangas Deporte, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e á Real Federación Española de Patinaxe que nos concedera a organización deste campionato, a Federación Galega de Patinaxe polo esforzo que fixo para que fosemos escollidos e pola súa labor tan salientable neste deporte. Agradecemos tamén dun xeito especial a todos e cada un dos establecementos que aparecen nesta revista, e como non, a tódolos socios e socias deste club. Unha mención especial, e o máis sincero agradecemento a tódolos membros do comité organizador que levan tantos días traballando duro para que non falle nada.

¡¡¡GRAZAS!!!

A Xunta Directiva do Club Anfora